



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Xaneiro 2023**

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2023

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xaneiro de 2023 un incremento do 4,2% con respecto a xaneiro de 2022; en España o crecemento foi do 1,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 1,4%, os bens de equipo subiron un 6,1% e os bens intermedios retrocederon un 16,7%. Pola súa parte a enerxía creceu un 37,9%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á "producción de enerxía eléctrica" que achega 6,8 puntos, a "fabricación de produtos metálicos" que suma 0,8 puntos e a "fabricación de mobles", que achega 0,5 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas (-7,0 puntos) de trece ramas, as principais foron: a "metalurxia" que resta 2,0 puntos, a "industria da madeira e da cortiza", cunha repercusión de -1,9 puntos e "outras industrias extractivas" que restan 0,9 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2023

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %	Índice	VARIACIÓNS (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
4,2	Xeral	106,2	4,2	4,2
-0,4	Bens de consumo	117,0	-1,4	-1,4
1,5	Bens de equipo	104,9	6,1	6,1
-4,7	Bens intermedios	94,7	-16,7	-16,7
7,7	Enerxía	108,7	37,9	37,9

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xaneiro de 2023 un incremento do 4,2% con respecto a xaneiro de 2022; en España o crecemento foi do 1,2%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 1,4%, e minora 0,4 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 6,1%, o que suma 1,5 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 16,7%, cunha repercusión negativa de 4,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que avanza un 37,9% e suma 7,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de decembro de 2022, por destino económico, os bens de consumo melloran 9,9 puntos, os bens de equipo empeoran 14,2 puntos, os bens intermedios melloran 0,2 puntos e a enerxía mellora 20,2 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o crecemento interanual en xaneiro do 4,2% débese principalmente á achega positiva (11,2 puntos) de trece ramas; as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica" que achega 6,8 puntos, a "fabricación de produtos metálicos" que suma 0,8 puntos e a "fabricación de mobles", que achega 0,5 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-7,0 puntos) de trece ramas, as principais foron: a "metalurxia" que resta 2,0 puntos, a "industria da madeira e da cortiza", cunha repercusión de -1,9 puntos e "outras industrias extractivas" que restan 0,9 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xaneiro moveuse entre o -13,5% de Murcia e o 24,0% de Extremadura. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Madrid (10,1%), Castilla y León (6,8%), Castilla - La Mancha (6,4%), Canarias (5,4%), Galicia (4,2%), Aragón (3,5%), Cataluña (2,4%) e Navarra (1,8%).


#### IPI Xaneiro 2023

Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xaneiro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	106,2	4,2	4,2	--	--
Bens de consumo	117,0	-1,4	-1,4	-0,4	-0,4
Bens de equipo	104,9	6,1	6,1	1,5	1,5
Bens intermedios	94,7	-16,7	-16,7	-4,7	-4,7
Enerxía	108,7	37,9	37,9	7,7	7,7
<b>España</b>					
Xeral	101,0	1,2	1,2	--	--
Bens de consumo	100,2	3,8	3,8	1,0	1,0
Bens de equipo	101,9	8,6	8,6	1,8	1,8
Bens intermedios	100,6	-2,4	-2,4	-0,8	-0,8
Enerxía	101,6	-3,4	-3,4	-0,8	-0,8

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xaneiro 2023**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>4,2</b>		<b>4,2</b>		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	44,0	6,8	44,0	6,8	22,3
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	10,8	0,8	10,8	0,8	7,7
Fabricación de mobles	32,8	0,5	32,8	0,5	1,1
Fabricación de bebidas	9,6	0,3	9,6	0,3	3,5
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	2,2	0,3	2,2	0,3	13,1
Fabricación doutro material de transporte	43,6	0,3	43,6	0,3	2,0
Industria do papel	15,2	0,3	15,2	0,3	2,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	10,2	0,3	10,2	0,3	4,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	27,2	0,3	27,2	0,3	1,4
Industria téxtil	17,3	0,1	17,3	0,1	0,6
Outras industrias manufactureiras	0,1	0,0	0,1	0,0	0,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-1,6	0,0	-1,6	0,0	2,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-5,8	-0,2	-5,8	-0,2	2,6
Industria química	-14,9	-0,3	-14,9	-0,3	1,5
Confección de roupa de vestir	-5,1	-0,3	-5,1	-0,3	4,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-16,1	-0,4	-16,1	-0,4	2,0
Industria da alimentación	-5,0	-0,7	-5,0	-0,7	13,2
Outras industrias extractivas	-63,1	-0,9	-63,1	-0,9	1,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-30,0	-1,9	-30,0	-1,9	3,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-45,4	-2,0	-45,4	-2,0	5,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xaneiro 2023**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>101,0</b>	<b>1,2</b>	<b>1,2</b>
Galicia	106,2	4,2	4,2
Andalucía	88,1	-11,1	-11,1
Aragón	102,4	3,5	3,5
Asturias	93,1	-12,6	-12,6
Baleares (Illes)	75,3	-3,0	-3,0
Canarias	92,8	5,4	5,4
Cantabria	106,1	-0,9	-0,9
Castilla - La Mancha	101,5	6,4	6,4
Castilla y León	94,1	6,8	6,8
Cataluña	99,1	2,4	2,4
Comunitat Valenciana	101,2	-1,7	-1,7
Extremadura	113,9	24,0	24,0
Madrid	114,1	10,1	10,1
Murcia	99,9	-13,5	-13,5
Navarra	111,4	1,8	1,8
País Vasco	103,4	0,2	0,2
Rioja (La)	84,6	0,6	0,6

Fonte:INE